

Julio SANTIAGO

Viaxe íntima

Apaga a luz e cala,
observa a nada,
escoita o silencio.
A pluma está xeada,
a ave arde na xanela,
latexa un soño cativo
envolto en mel e suor.
Apaga a vida e cala,
morre co reloxo,
vive a tortura
da fugacidade do tempo.
O verso está xeado,
o poeta arde no leito,
suspira o movemento
do péndulo afogado.
Apaga a gloria e cala,
triunfa sen falar,
honor para os teus beizos.
A lúa está xeada,
a estrela arde na boca,
a palabra apreixada recreíase
na luz da vitoria.

(de *Risa bajo el ombligo*)

Autoepitafio IV

Despois
de
tantas
dietas...,
por
fin
nos
ósos!

(de *Irotismos*)

Coito, ergo sum

Gozo, logo existo.
 Masturbo os demais
 como a min mesmo.
 Fornico os indefensos
 rotuladores do meu escritorio.
 Enaltezo os humildes de sexo
 para os corromper no vicio
 do exceso.
 Racho mitos cal himes sobrantes
 da absurda anatomía.
 Asalto berces por caridade.
 Canonizo mulleres
 con pernas santas.
 Rezo pola paciencia
 das putas.
 Desdobro os meus beizos
 para acoller gratificacións.
 Gozo escoitando cores
 que xamais terán peitos.
 Arquexo tras correr
 os cento e pico
 centímetros pouco lisos.
 Gozo do que moitos
 non gozan.
 Coito, logo existo.

(de *Memoria de libertad*)

Es
 todo
 o
 que
 calas...

(de *Poesía depilada*)

Graciela

Leva mortos pendurados do pescozo.
 Porta peitos resucitados da calma.
 É atea e camiña descalza,
 como os profetas.
 O seu esquecemento é a lembranza constante
 do que foi,
 do que puido ser,
 do que é a força de existir.
 O silencio que me chega do seu ventre
 é violado pola música que a xema
 do seu corazón húmido rouba
 do bordo dunha copa azul,
 profunda,
 fundida
 na bágoa do mar.
 Non os seus ollos, todo o seu corpo mantén un ollar
 multiversal, cronificado na intención
 de persuadir o máis encalecido.
 Esta pantasma atéigame de cores
 que nunca me atrevín a soñar noutras vidas.

(de *Risa bajo el ombligo*)

Ao amante

A
 túa
 caluga
 é
 o
 atril
 onde
 repousa
 a
 biblia
 dos
 meus
 beixos.

(de *Poesía depilada*)

Noméoche
o
que
non
existe
para
que
aconteza

Axítasme
e
cúbresme
de
abelorios

Arquexa
comigo
para
non
perdermos
o
ritmo
do
pracer.

(de *Eyaculaciones*)

* Traducción para o galego de Ricardo Pichel.